



Proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pola quenda de acceso libre.

**Categoría: Axudante de Producción
Primeiro exercicio
Opción: Galego**

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique
--

1.- Segundo o establecido no artigo 18 da Constitución Española sinale cal das seguintes respostas é a correcta:

- a) O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución administrativa, salvo en caso de flagrante delito.
- b) O domicilio é vulnerable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial, salvo en caso de flagrante delito.
- c) O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial, salvo en caso de flagrante delito.
- d) O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial, sen que poidan existir excepcións.

2.- Segundo o establecido no artigo 20 da Constitución Española sinale cal das seguintes respostas é a incorrecta:

- a) Recoñécese o dereito á liberdade de cátedra.
- b) Recoñécese o dereito á produción e creación literaria, artística, científica e técnica.
- c) Pode acordarse o secuestro de publicacións en virtude de resolución xudicial.
- d) O exercicio dos dereitos que recollen no artigo poden restrinxirse mediante censura previa se están afectados os dereitos de menores.

3.- Segundo o establecido no artigo 29 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia sinale cal das seguintes é unha competencia da que unicamente lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do estado:

- a) Propiedade industrial e intelectual.
- b) Portos Pesqueiros.
- c) Establecementos farmacéuticos.
- d) Artesanía.

4.- Segundo o establecido no artigo 32 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia sinale mediante que norma se constituirá un Fondo Cultural Galego e o Consello da Cultura Galega:

- a) Regulamento.
- b) Lei Orgánica.
- c) Lei do Parlamento.
- d) Real Decreto Lexislativo.

5.- Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, o exercicio do control efectivo sobre a selección dos programas e sobre a súa organización, xa sexa nun horario de programación ou nun catálogo de programas denomínase:

- a) Decisión editorial.
- b) Política editorial.
- c) Responsabilidade social.
- d) Responsabilidade editorial.

6.- Segundo o establecido no artigo 5 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, en relación co pluralismo sinale a resposta correcta:

- a) Promoverase a pluralidade da comunicación audiovisual a través do fomento da existencia dun conxunto de medios unicamente de titularidade pública.
- b) Promoverase a pluralidade da comunicación audiovisual a través do fomento da existencia dun conxunto de medios, tanto públicos como de titularidade privada e comunitarios.
- c) Promoverase a pluralidade da comunicación audiovisual a través do fomento da existencia dun conxunto de medios unicamente de titularidade privada.
- d) Promoverase a pluralidade da comunicación audiovisual a través do fomento da existencia dun conxunto de medios, tanto públicos como de titularidade privada, exceptuando os comunitarios.

7.- Segundo o establecido no artigo 19 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital os estatutos sociais da Corporación SAG e as súas modificacións:

- a) Serán aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.
- b) Serán aprobados pola Consellería da Presidencia.
- c) Serán aprobados polo Consello de Administración.
- d) Serán aprobados pola Xunta Xeral da sociedade.

8.- Segundo o establecido no artigo 27 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital a duración do mandato dos membros do Consello de Administración é de:

- a) Tres anos dende o seu nomeamento.
- b) Catro anos dende o seu nomeamento.
- c) Cinco anos dende o seu nomeamento.
- d) Seis anos dende o seu nomeamento.

9.- Segundo o artigo 1.3 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, exclúese do ámbito regulado por esta lei:

- a) O traballo que se efectúe en desenvolvemento de relacións de amizade, benevolencia ou boa veciñanza.
- b) O traballo que preste a tempo parcial.
- c) Toda actividade realizada fóra do domicilio oficial ou principal da empresa.
- d) Calquera servizo que se retribúa en diñeiro en efectivo.

10.- Segundo o artigo 9.2 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, no caso de que o contrato resultase nulo, o traballador poderá esixir, polo traballo que xa prestase:

- a) Unha indemnización equivalente a tres anualidades do salario mínimo interprofesional.
- b) Unha indemnización equivalente a seis anualidades do salario mínimo interprofesional.
- c) Unha indemnización equivalente a doce anualidades do salario mínimo interprofesional.
- d) A remuneración conseguinte a un contrato válido.

11.- Segundo o artigo 3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, esa lei non será de aplicación naquelas actividades cuxas particularidades o impidan no ámbito das funcións públicas de:

- a) Atención as persoas en situación de dependencia.
- b) Forzas Armadas.
- c) Educación.
- d) Sanidade.

12.- Segundo o artigo 14.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o custo das medidas relativas á seguridade e a saúde no traballo:

- a) Non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores, salvo que unha lei estableza o contrario.
- b) Non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores, salvo que un real decreto estableza o contrario.
- c) Non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores, salvo que o convenio colectivo estableza o contrario.
- d) Non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores.

13.- Segundo o establecido no artigo 11 do Convenio Colectivo da Corporación SAG, a Comisión Paritaria compoñerana:

- a) 10 membros.
- b) 12 membros.
- c) 15 membros.
- d) O número de membros dependerá da cantidade de persoas traballadoras.

14.- Segundo o establecido no artigo 41 do Convenio Colectivo da Corporación cal é a duración do permiso por matrimonio:

- a) 10 días.
- b) 12 días.
- c) 15 días.
- d) 20 días.

15.- Segundo o establecido no artigo 78 do Convenio Colectivo da Corporación, cal das seguintes continxencias NON abrangue o seguro complementario:

- a) Falecemento.
- b) Incapacidade temporal.
- c) Falecemento por accidente.
- d) Incapacidade permanente absoluta para calquera traballo.

16.- Segundo o establecido no artigo 85 do Convenio Colectivo da Corporación, cal dos seguintes é un obxectivo da formación:

- a) A actualización dos coñecementos profesionais.
- b) O perfeccionamento do dominio oral e escrito do idioma galego.
- c) A seguridade e saúde laboral.
- d) Todos son obxectivos da formación.

17.- Segundo o establecido no artigo 91 do Convenio Colectivo da Corporación, que tipo de falta é a repercusión negativa no traballo como consecuencia da embriaguez habitual ou toxicomanía:

- a) Moi Grave.
- b) Grave.
- c) Leve.
- d) Non é unha conduta sancionable.

18.- Segundo o artigo 7 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia:

- a) Constitúe discriminación prohibida pola presente lei o trato desfavorable aos homes por razón da súa paternidade.
- b) Non constitúe discriminación prohibida pola presente lei o trato desfavorable aos homes por razón da súa paternidade.
- c) Constitúe discriminación indirecta por razón de sexo todo trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade.
- d) Constitúe discriminación indirecta por razón de sexo todo trato favorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade.

19.- Segundo o artigo 8 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o trato menos favorable dado a unha persoa, sexa home ou muller, por razón de solicitar, estar a desfrutar ou ter desfrutado dos seus dereitos de conciliación da vida privada, familiar e laboral:

- a) Constitúe discriminación prohibida pola Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- b) Constitúe una situación de acoso sexual.
- c) Constitúe una situación de acoso por razón de xénero.
- d) Constitúe una situación de acoso familiar.

20.- Segundo o artigo 10 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a prohibición da discriminación por razón de sexo inclúe a discriminación sexista por erro, entendida como:

- a) Aquela que se funda, por parte do suxeito discriminado, nunha apreciación incorrecta do embarazo, a maternidade, as obrigacións familiares ou o estado civil da persoa vítima.
- b) Aquela que se funda, por parte do suxeito discriminador, nunha apreciación incorrecta do embarazo, a maternidade, as obrigacións familiares ou o estado civil da persoa vítima.
- c) Aquela que se funda, por parte do suxeito discriminador, nunha apreciación correcta do embarazo, a maternidade, as obrigacións familiares ou o estado civil da persoa vítima.
- d) Aquela que se funda, por parte dos poderes públicos, nunha apreciación correcta do embarazo, a maternidade, as obrigacións familiares ou o estado civil da persoa vítima.

21.- Segundo o artigo 57 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, quen promoverá a adopción, por parte dos medios de comunicación privados, de acordos de autorregulación que contribúan ao cumprimento da lexislación en materia de igualdade entre mulleres e homes, incluídas as actividades de venda e publicidade que se desenvolvan neles:

- a) Os poderes públicos.
- b) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) A Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- d) O sector público autonómico.

22.- Que caracteriza unha coprodución audiovisual?

- a) A compra internacional dun programa xa rematado para a súa emisión.
- b) A participación de dúas ou máis entidades que achegan recursos e comparten responsabilidades ou dereitos.
- c) A contratación dun único provedor técnico para toda a produción.
- d) A realización dunha peza informativa na que se engade material producido previamente.

23.- Que se entende por produción allea no ámbito audiovisual?

- a) A produción realizada integramente cos medios humanos e técnicos propios da entidade emisora.
- b) A adquisición ou contratación de dereitos de emisión ou explotación dunha obra producida por terceiros.
- c) A produción na que dúas entidades comparten financiamento, recursos e dereitos sobre a obra.
- d) A gravación realizada fóra do estudo con medios técnicos desprazados a exteriores.

24.- Nunha produción de estudo que utiliza o método de gravación en bloques ou "falso directo" (*live-to-tape*), como se xestiona habitualmente a captación do sinal?

- a) Grávase todo cunha soa cámara e as transicións fanse exclusivamente na montaxe dixital posterior.
- b) Emítase o sinal sen gravar en ningún soporte, xa que é un sistema exclusivo para programas informativos puros.
- c) Realízase a mestura de varias cámaras no control de realización en tempo real, rexistrando o sinal de programa cunha posprodución posterior mínima.
- d) Desconéctase o sistema de comunicación intercom para evitar ruídos, dependendo só dos sinais visuais do rexedor.

25.- Cal é a principal vantaxe dun sistema de produción en estudo respecto a exteriores?

- a) Maior variedade de escenarios naturais reais.
- b) Mellor control técnico, sonoro e lumínico.
- c) Menor custo de transporte.
- d) Maior participación do público.

26.- O sistema de produción "multicámara" é típico de:

- a) Programas en directo ou gravados en estudo.
- b) Cine de ficción.
- c) Documentais de tipo *true crime*.
- d) Publicidade.

27.- Á hora de xestionar unha localización en espazo público, que trámite administrativo é imprescindible para poder cortar unha rúa e instalar equipos de iluminación pesados?

- a) Abonar os dereitos de autor á correspondente entidade de xestión pola música do proxecto.
- b) Solicitar a cesión de dereitos de imaxe aos transeúntes que pasen nese momento.
- c) Presentar o guión literario detallado no Rexistro da Propiedade Intelectual.
- d) Solicitar o permiso de ocupación da vía pública ao concello correspondente.

28.- Na planificación loxística das localizacións de exteriores, que función técnica e organizativa cumpre prever un "cover set"?

- a) Dispoñer dunha localización alternativa, normalmente en interiores, por se as inclemencias meteorolóxicas impiden gravar nos exteriores previstos.
- b) Ocultar as marcas comerciais dos edificios próximos á gravación mediante forros físicos ou cromas que tapen os baixos comerciais.
- c) Servir como sala de descanso exclusiva e insonorizada para o equipo de dirección e produción executiva.
- d) Almacenar a copia de seguridade dixital do material gravado ao longo de toda a xornada de gravación e custodiado por DIT.

29.- Segundo o establecido no artigo 3 do Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, sinala a resposta correcta:

- a) Os dereitos de autor son independentes, incompatibles e non acumulables cos dereitos de propiedade industrial que poidan existir sobre a obra.
- b) Os dereitos de autor son independentes, compatibles e non acumulables cos dereitos de propiedade industrial que poidan existir sobre a obra.
- c) Os dereitos de autor son independentes, compatibles e acumulables cos dereitos de propiedade industrial que poidan existir sobre a obra.
- d) Os dereitos de autor son dependentes, incompatibles e acumulables cos dereitos de propiedade industrial que poidan existir sobre a obra.

30.- Segundo o establecido no artigo 7 do Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, os dereitos sobre unha obra que sexa resultado unitario da colaboración de varios autores:

- a) Corresponden a todos eles.
- b) Corresponden á persoa que a rexistre.
- c) Corresponden á persoa que a edite.
- d) As obras realizadas en colaboración non xeran dereitos.

31.- Segundo o establecido no artigo 26 do Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, os dereitos de explotación da obra durarán toda a vida do autor e:

- a) Corenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento.
- b) Cincuenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento.
- c) Sesenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento.
- d) Setenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento.

32.- Segundo o establecido no artigo 43 do Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, a cesión de dereitos de explotación respecto do conxunto das obras que poida crear o autor no futuro:

- a) É nula.
- b) É anulable.
- c) É válida.
- d) É válida só para as obras literarias.

33.- Segundo o establecido no artigo 87 do Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, cales dos seguintes NON se consideran autores dunha obra audiovisual:

- a) O director-realizador.
- b) Os autores do argumento.
- c) Os autores das composicións musicais creadas especialmente para a obra.
- d) Todos os anteriores son considerados autores da obra audiovisual.

34.- Que diferenza hai entre plan de traballo e orde de traballo?

- a) O plan de traballo só se usa en ficción e a orde de traballo só en informativos.
- b) O plan de traballo recolle gastos e a orde de traballo recolle imprevistos.
- c) Ambos documentos teñen a mesma función e contido, son termos sinónimos.
- d) O plan organiza o conxunto da produción e a orde concreta a operativa diaria.

35.- Ao traballar cun particular que cede un espazo para unha gravación, que debe asegurar produción?

- a) Que o espazo sexa cedido sen contraprestacións en todos os casos.
- b) Que exista autorización ou acordo de uso, condicións pactadas e contacto.
- c) Que o particular participe no equipo artístico como figurante.
- d) Que a localización empregada figure no plan de posprodución.

36.- Para gravar no Aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro, Lavacolla, a quen debe dirixirse a solicitude de autorización de rodaxe?

- a) Ao Concello de Santiago de Compostela, canalizable a través da Santiago de Compostela Film Commission.
- b) Á xestora aeroportuaria Aena, segundo os seus procedementos para rodaxes en aeroportos.
- c) Á Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, por ser a autoridade autonómica competente no control das infraestruturas de transporte dentro da comunidade.
- d) Ao Ministerio de Cultura, mediante o envío do guión ao Rexistro da Propiedade Intelectual e de Espazos Estatais.

37.- Para realizar unha gravación con ocupación de espazo público na Praza do Obradoiro, que autorización debe xestionarse con carácter xeral?

- a) Á Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), por ser o único ente autonómico con competencia legal para autorizar rodaxes no exterior.
- b) A autorización municipal do Concello de Santiago de Compostela, canalizable a través da Santiago de Compostela Film Commission.
- c) Á Dirección Xeral de Tráfico (DXT), ao estar tipificada a praza como vía de evacuación de seguridade nacional.
- d) Ao Arcebispado de Santiago de Compostela, xa que a titularidade legal da praza ao completo e dos seus accesos recae directamente sobre a Catedral.

38.- En que unidade se expresa técnica e comercialmente a potencia aparente dun grupo electrógeno (xerador) destinado a alimentar unha unidade móbil DSNB de televisión?

- a) kWh (quilovatios por hora)
- b) kVA (quilovoltioamperios)
- c) Vatios (W)
- d) Voltios (V)

39.- Nun estudo de televisión, que é un pantógrafo?

- a) Un mecanismo extensible de suspensión que permite posicionar proxectores de iluminación.
- b) Un sistema de raíles deslizantes para desprazar decorados en programas en directo.
- c) Un soporte de chan para fixar cámaras pesadas con pedestal hidráulico.
- d) Un accesorio óptico para modificar a apertura do obxectivo da cámara de estudo.

40.- Para que se emprega o caderno ATA nun desprazamento internacional de produción?

- a) Para acreditar a identidade persoal do equipo técnico.
- b) Para contratar aloxamento e transporte nun país estranxeiro.
- c) Para documentar a exportación temporal de material técnico sen despacho aduaneiro ordinario.
- d) Para substituír os seguros de responsabilidade civil da produción.

41.- No plató dun estudo de televisión durante a gravación dun programa, que figura profesional funciona como o enlace directo entre o control de realización e a pista, encargándose de dar as ordes de prevención, entrada e saída aos presentadores?

- a) O/a rexedor/a.
- b) O/a guionista de escaleta.
- c) O/a axudante de produción.
- d) O/a xefe/a de escenografía.

42.- Nunha rodaxe audiovisual, que perfil se encarga de controlar a continuidade ou raccord entre planos?

- a) O/a rexedor/a.
- b) O/a script.
- c) O/a operador/a de cámara.
- d) O/a axudante/a de produción.

43.- Nunha sesión de ADR, quen interpreta os diálogos que se "regravan" para axustalos á imaxe?

- a) O/a actor/actriz correspondente.
- b) O/a técnico/a de son directo.
- c) O/a montador/a de imaxe.
- d) O/a auxiliar de produción.

44.- Que tipo de persoal queda excluído do ámbito do III Convenio colectivo estatal da industria de produción audiovisual (técnicos)?

- a) O persoal técnico de cámara, son e iluminación.
- b) O persoal de produción contratado laboralmente pola empresa.
- c) Os actores, figurantes e outro persoal artístico con regulación convencional propia.
- d) Os/as guionistas contratados por conta allea pola empresa produtora.

45.- Que caracteriza á figuración especial fronte á figuración ordinaria?

- a) Que realiza unha acción concreta ou destacada, sen chegar necesariamente a ser personaxe principal.
- b) Que ten un texto superior a 2 páxinas de guión.
- c) Que pertence ao equipo técnico aínda que apareza en pantalla.
- d) Que só pode intervir en programas informativos en directo.

46.- Segundo o III Convenio colectivo estatal da industria de produción audiovisual (técnicos), o período mínimo de descanso dos menores de dezaioito anos nas xornadas continuas de duración superior a catro horas e media é de:

- a) 15 minutos.
- b) Non hai período de descanso nas xornadas continuas, só nas partidas.
- c) 30 minutos.
- d) 60 minutos.

47.- Cando un actor necesita unha transformación física complexa (envellecemento, próteses, feridas), o departamento responsable é:

- a) Vestiario.
- b) Atrezo.
- c) Rexedoría.
- d) Caracterización.

48.- Que é un radioenlace nunha transmisión audiovisual?

- a) Un sistema de envío de sinal mediante ondas radioeléctricas entre dous puntos.
- b) Un equipo destinado só á gravación local de audio.
- c) Un servidor de almacenamento de contidos editados e enlazados por radio.
- d) Un sistema interno de iluminación do estudo remoto.

49.- Para que se emprega unha unidade DSNG?

- a) Para gravar son ambiente sen sincronía coa imaxe.
- b) Para converter un guión técnico nunha escaleta de emisión.
- c) Para controlar a continuidade de iluminación nun plató.
- d) Para transmitir sinais audiovisuais por satélite desde unha localización exterior.

50.- Respecto ao uso de cableado físico para o transporte de sinais en producións audiovisuais, cal é a principal vantaxe da fibra óptica fronte ao tradicional cable coaxial de cobre?

- a) Permite transmitir anchos de banda moi elevados a grandes distancias sen practicamente perda de sinal nin verse afectada por interferencias electromagnéticas.
- b) Ten a capacidade de transmitir corrente eléctrica de alta tensión xunto co sinal de vídeo para alimentar grandes focos de iluminación.
- c) A súa manipulación é moito máis resistente aos golpes, esmagamentos e dobras en ángulos pechados, xa que non contén materiais fráxiles.
- d) Ao ser unha tecnoloxía exclusivamente analóxica, garante que o sinal chegue ao control central sen ningún tipo de latencia.

51.- Nunha retransmisión exterior, para que serve o retorno de programa?

- a) Para rexistrar os gastos diarios da unidade móbil (ROI-UM).
- b) Para que o equipo desprazado poida ver ou escoitar o sinal que se está emitindo ou realizando.
- c) Para substituír o sinal principal cando falla a cámara máster.
- d) Para enviar exclusivamente ordes administrativas ao equipo de produción.

52.- Que caracteriza unha mochila de transmisión audiovisual?

- a) É un sistema de iluminación autónomo para cámaras ENG.
- b) É un soporte físico para transportar ópticas e baterías.
- c) É un equipo portátil que envía sinal de vídeo mediante conexións móbiles ou IP.
- d) É unha unidade móbil pesada destinada só a eventos deportivos.

53.- A "taxa de datos" (*bitrate*) dun sinal de vídeo indica:

- a) A cantidade de datos transmitidos por unidade de tempo.
- b) A resolución en píxeles da imaxe.
- c) O número de cores reproducidas (profundidade de bits).
- d) A duración total da gravación en megabytes.

54.- Cal é a función dun "codec" na transmisión de sinais?

- a) Aumentar o tamaño dos ficheiros para unha máxima calidade.
- b) Cambiar a cor do vídeo (*color grading*).
- c) Eliminar o son do sinal para evitar ruídos.
- d) Codificar e decodificar os datos para a súa transmisión.

55.- Para que serve o guión técnico nunha produción audiovisual?

- a) Para substituír o plan de traballo durante a rodaxe.
- b) Para recoller só os diálogos definitivos dos personaxes.
- c) Para traducir o contido narrativo en indicacións de planos, movementos, son e necesidades técnicas.
- d) Para rexistrar unicamente os custos previstos por departamento.

56.- Que recolle unha folla de desglose de produción?

- a) As necesidades de produción dunha secuencia ou bloque: personaxes, figuración, atrezzo, vestiario, localización, efectos e medios.
- b) A versión definitiva da montaxe con código de tempo.
- c) A relación de músicas xa mesturadas para emisión.
- d) O contrato de cesión de dereitos da obra audiovisual.

57.- Nun desglose, que se entende por "semoventes"?

- a) Vehículos de transporte técnico.
- b) Animais que interveñen na gravación.
- c) Elementos móbiles de iluminación.
- d) Pezas desmontables de decorado.

58.- No ámbito da gravación audiovisual, que diferenza hai entre formato e soporte?

- a) O formato é o lugar de rodaxe e o soporte é o equipo humano asignado.
- b) O formato é sempre analóxico e o soporte sempre dixital.
- c) O formato refírese á duración da peza e o soporte á súa clasificación por xénero.
- d) O formato define características técnicas de rexistro ou codificación, e o soporte é o medio onde se almacena.

59. Un "wild-track" é:

- a) A banda sonora internacional dun programa.
- b) Unha gravación de son non sincrónica coa imaxe.
- c) O micrófono sen fíos usado para documentais de natureza salvaxe.
- d) A pista de diálogos dobrados.

60.- Que tipo de micrófonos adoitan precisar alimentación phantom ou +48V cando se empregan en gravación profesional?

- a) Os micrófonos dinámicos (de bobina móbil).
- b) Os micrófonos de cinta antigos.
- c) Os micrófonos piezoeléctricos de contacto.
- d) Os micrófonos de condensador.

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR A PARTIR DA CASILLA Nº 141 DO CUESTIONARIO

R1.- Segundo o establecido no artigo 113 do Convenio Colectivo da Corporación SAG a quen lle corresponde velar polo cumprimento das normas vixentes en materia laboral, Seguridade Social e Seguridade e saúde laboral:

- a) Comité de Seguridade e Saúde Laboral.
- b) Comité de Empresa.
- c) Comité Intercentros.
- d) Consello de Administración.

R2.- O sistema de produción virtual tipo ILM StageCraft caracterízase por:

- a) Substituír o fondo en posprodución mediante croma key verde.
- b) Mostrar fondos virtuais en tempo real en paredes LED.
- c) Proxectar placas pregravadas detrás dos actores (retroproxección).
- d) Pintar a man os decorados sobre un ciclorama (crafting).

R3.- Un informe de localización debe incluír, con carácter xeral:

- a) Só fotos do espazo, tanto interior como exterior.
- b) Análise técnica, estética, loxística e de permisos.
- c) Só o orzamento asignado á localización.
- d) O guión completo que se rodará nesa localización.

R4.- En imaxe audiovisual, para que serve o balance de brancos dunha cámara?

- a) Para axustar a cámara á temperatura de cor da luz e reproducir correctamente as cores.
- b) Para aumentar automaticamente a profundidade de campo da imaxe.
- c) Para estabilizar os movementos de cámara durante a gravación.
- d) Para modificar a frecuencia de mostraxe do sinal de audio.

